

Acordo do tribunal cualificador do proceso de selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato especial para artistas, ao abeiro do Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, e da modificación introducida polo Real decreto lei 5/2022, do 22 de marzo, de vinte e tres (23) prazas de actrices e actores coa categoría de principais: dezaseis (16) prazas para a produción *Hamlet* e sete (7) prazas para a produción *Memorias dun neno labrego*, do Departamento de Producción Teatral (Centro Dramático Galego) no período 2025-2026.

Segundo o establecido nas bases da convocatoria que rexe a selección de actrices e actores para a produción de 2025 e 2026 do departamento de Producción Teatral da Agadic, na sesión celebrada o día 10/07/2025 polo tribunal nomeado mediante Resolución do director da Agadic de data 25/06/2025 para esta selección, acordouse:

- Aceptar a renuncia presentada de María José González Costas para o proceso de selección de *Hamlet* e convocar a María Paz Granja Fociños quedando engadida á lista definitiva do proceso de selección.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso de alzada nos termos previstos no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, no prazo dun mes dende o día seguinte á súa publicación, perante a dirección da Agadic.

A secretaria do Tribunal

María Paredes Rodríguez

